

O MAL NON EXISTE

Ryūsuke Hamaguchi, 2023

1282

ESTREA EN NUMAX: 02.05.2024 | V.O.S.E. | +12 | 106 min

Takumi e a súa filla, Hana, viven nunha vila próxima a Tokio. A súa vida verase profundamente afectada cando descubren que preto da súa casa vai ser construído un luxoso cámping para que os habitantes da cidade fagan escapadas cómodas á natureza. Cando dous representantes dunha empresa de Tokio chegan á vila para celebrar unha reunión, queda claro que o proxecto terá un impacto negativo na subministración de auga local e provocará problemas. As intencións da axencia poñen en perigo tanto o equilibrio ecolóxico da meseta como a súa forma de vida, con consecuencias que afectan profundamente a vida de Takumi.

«É unha obra tan estraña e impredecible como bela e hipnótica»

Nando Salvá, DIARIO EL PERIÓDICO



Un filme que vai medrando

Por Jaime Pena

Hai outro director como Hamaguchi no cinema mundial? Quero dicir, alguén que, despois dun filme de tanto éxito como *Drive my car* (2021), opte por dar unha sorte de paso atrás e rode un filme medio improvisado que, nin de lonxe, intenta ser máis “grande” que o anterior. Evidentemente, ese paso atrás non é tal. Como xa sucedera despois de *Asako I & II* (2018), cando Hamaguchi rodou unha produción máis independente (*A roda da fortuna e a fantasía*, 2021) e outra máis industrial (a citada *Drive my car*), *O mal non existe* sería tan só unha desas oportunidades que o cineasta xaponés non deixa pasar e que en ningún caso vai considerar como un proxecto menor. E iso que a xénese do seu novo filme é certamente singular. Antes que unha película de ficción, *O mal non existe* foi unha película de acompañamento para os concertos da súa compositora de cabeceira, Eiko Ishibashi. Ou iso foi o que levou a Hamaguchi a filmar nas montañas de Nagano, reserva natural preto de Tokio. Este outro filme existe, titúlase *Gift* e será estreado dentro de dúas semanas (o 18 de outubro) no Festival de Ghent, por suposto, con música en directo de Ishibashi. [Este artigo foi publicado en setembro de 2023]

O máis insólito do caso é que a sinopse de *Gift*, ofrecida polo Festival de Ghent coincide exactamente coa d’*O mal non existe*: a vida de Takumi e a súa filla Hana nos montes de Nagano, a ameaza medioambiental que supón a instalación dun proxecto de *glamping* (*glamour*+*cámping*, tamén descoñecía o termo)... Así que, se os feitos non o desminten, case deberíamos falar dun só filme, *O mal non existe / Gift*, ou dúas versións dun mesmo filme, unha delas con música en directo. Certamente, o uso que Hamaguchi dá á música n’*O mal non existe* é máis que discreto, cunhas aparición moi puntuais, ás veces con cortes abruptos. O inicio do filme parece máis susceptible para conformar esas imaxes de acompañamento, co percorrido en contrapicado da cámara polo monte ou cando segue os personaxes nos seus paseos e tarefas diarias (Takumi recollendo auga do arroyo ou cortando leña), tamén cando se monta na parte traseira do coche para recoller a Hana na escola... De feito, poderíase dicir que o conflito d’*O mal non existe* tarda en facer acto de presenza ou en manifestarse: ata a reunión cos representantes do *glamping* Hamaguchi case non recorre á palabra; porén, a partir desa escena, a palabra vólvese por momentos case omnipresente.

O desenvolvemento posterior d’*O mal non existe* alterna ese tipo de secuencias: por un lado, as máis paisaxísticas e apegadas á natureza, dominadas polos sons ambientais; polo outro, as discusións coa empresa do *glamping*, nas que se poñen en escena os riscos medioambientais ou se proponen alternativas para convencer os habitantes do lugar, en primeiro lugar a Takumi, sostidas sobre o diálogo. En realidade, o que Hamaguchi está evidenciando con esta estrutura é o propio conflito inherente á súa trama: como o mero feito de presentar o proxecto turístico altera de forma inevitable e fatídica o ecosistema do lugar e a paz e tranquilidade que os residentes encontraran alí. O propio final, con ese inesperado rapto de violencia, tan elíptico como misterioso, é a culminación dun filme que vai medrando a medida que avanza a súa metraje ata alcanzar as alturas das mellores obras do seu autor.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Contra el turismo,
Rodolphe Christin.
Ediciones del salmón, 2023

Molinos y gigantes,
Jaume Franquesa.
Periférica & Errata naturae, 2023

Al menos tienes trabajo,
Naiara Puertas Cartón.
Antipersona, 2021